

Recomendación ao concello de Monforte de notificar a nova Resolución incluíndo a corrección de erros e recursos e suxestión de anular a débeda correspondente ao ano 2018

Expediente: L.4.Q/3872/23

Santiago de Compostela, 20 de novembro de 2023

Sr. Alcalde:

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención dona XXX ao respecto do IVTM dun vehículo familiar dado de baixa. Esta queixa está en relación a outra tramitada no ano 2021 con ese concello co número L.4.Q/9603/21

ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que desde o concello de Monforte lle reclaman o IVTM dun dos vehículos que tivo a familia fai anos e que fora dado de baixa, con matrícula XXX; o vehículo figura a nome do seu home, XXX. No seu día solicitouse informe a ese concello observándose o seguinte:

- No informe remitido pola Secretaría dese concello atopáronse distintos erros na identificación, tanto do vehículo en cuestión coma da persoa a nome da cal estaba o mesmo. Así, no escrito dirixido a esta institución o día 18/01/2022 indicábase o seguinte: "(..) o vehículo XXX, matriculado a nome de XXX (XXX) foi dado de baixa definitivamente na data de 16.04.2021. Visto que nos exercicios 2018, 2019, 2020 e 2021 non foron emitidos recibos polo concepto do imposto sobre vehículos de tracción mecánica (..)”. Ao respecto cómpre subliñar que non coincide nin a matrícula nin o DNI coa persoa a quen se lle remitiu o recibo.

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que nola remitiu. O informe sinala, esencialmente, o seguinte:

1.- Reitérase o contido da Resolución con data 23/09/2021

2.- Indícase que se ten corrixido un erro:

Advertido un erro nos antecedentes de feito de dito acordo.

FUNDAMENTOS XURIDICOS: Visto o artigo 220 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Lei xeral tributaria, segundo o cal o órgano ou organismo que tivese ditado o acto ou a resolución da reclamación rectificará en calquera momento, de oficio ou a instancia do interesado, os erros materiais, de feito ou aritméticos, sempre que non tivese transcorrido o prazo de prescrición.

Vistos os datos anteriores RESOLVO:

(..) CORREXIR o erro nos antecedentes de feito do citado acordo e onde di:

“ANTECEDENTES: En la fecha de 23.09.2021 (RS 8889_13.09.2021) se notificó a XXX (XXX), a (DNI modificado) a la vista de que el vehículo con matrícula XXX constó domiciliado en el municipio de Monforte de Lemos en los ejercicios 2018, 2019, 2020 y 2021 (1ºy 2ºTrimestre2021), la siguiente propuesta de resolución:”

Deberá dicir:

“ANTECEDENTES: En la fecha de 23.09.2021 (RS 8889_13.09.2021) se notificó a XXX (XXX), a la vista de que el vehículo con matrícula XXX constó domiciliado en el municipio de Monforte de Lemos en los ejercicios 2018, 2019, 2020 y 2021 (1ºy 2ºTrimestre2021), la siguiente propuesta de resolución:”

TERCEIRO.- RATIFICAR A LIQUIDACIÓN incluída no acordo de Xunta de Goberno Local de data 18.10.2021.

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

PRIMEIRA.- A presente queixa ten relación coa presentada pola interesada no ano 2021 respecto do mesmo asunto, o cobro do IVTM por parte do concello de Monforte. A interesada sinala no seu escrito de queixa que o vehículo obxecto do imposto non é da súa propiedade desde fai anos dado que o venderon ao dono dun taller que debía encargarse de cambiar o nome e dar a baixa ao vehículo. Indica, tamén, que non están empadroados en Monforte.

Da información remitida pola interesada e polo concello dedúcese que o vehículo en cuestión non se deu de baixa ata o ano 2021 e que o imposto dos anos en cuestión foi liquidado de acordo ao disposto na norma vixente.

SEGUNDA.- O día 23/09/2021 asinouse unha Resolución dese concello incluíndo a liquidación do imposto correspondendo aos anos 2018, 2019, 2020 e 2021 (parcial). Porén, a Resolución incluía varios erros tanto no DNI do señor XXX, titular do vehículo, como na propia matrícula do coche.

O artigo 220.1 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, dispón o seguinte:

“O órgano ou organismo que ditase o acto ou a resolución da reclamación rectificará en calquera momento, de oficio ou a instancia do interesado, os erros materiais, de feito ou aritméticos, sempre que non transcorrese o prazo de prescrición.

En particular, rectificaranse por este procedemento os actos e as resolucións das reclamacións económico-administrativas nos que se incorreu en erro de feito que resulte dos propios documentos incorporados ao expediente.

A resolución corraxirá o erro na contía ou en calquera outro elemento do acto ou resolución que se rectifica”

Defínese, así mesmo, no artigo 13 do Real Decreto 520/2005, do 13 de maio, polo que se aproba o Regulamento xeral de desenvolvemento da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, en materia de revisión en vía administrativa, regula o procedemento de rectificación dos erros. O mesmo dispón:

“Cando o procedemento iniciouse de oficio, xunto co acordo de iniciación notificarase a proposta de rectificación para que o interesado poida formular alegacións no prazo de 15 días contados a partir do día seguinte ao da notificación da proposta (..)”.

Por outra banda, o artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala que “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”

Infórmase, na documentación achegada polo concello de Monforte, que con data 21/06/2023 asinase Decreto de corrección de erros da Resolución de 23/09/2021 no que respecta ao DNI do interesado así como a matrícula do vehículo, ratificándose a liquidación.

TERCEIRA. A falta dunha definición exacta nas normas de aplicación en relación aos erros de feito, o Tribunal Supremo en distintas Sentenzas –as de 30 de abril de 1988, do 18 de xuño de 2001 (recurso de casación núm. 2947/1993), do 5 de novembro de 2002 (recurso de

casación núm. 2225/1998) ou 15 de decembro de 2003 (recurso de casación núm. 3804/2001) entre outras- determinou que poden ser considerados erros de feito, entre outros, aqueles que:

“(..) Que se trate de simples equivocacións elementais en nomes, datas, operacións aritméticas ou transcripcións de documentos, erros numéricos, accidentais ou de expresión e deducibles ou contrastables pola simple evidencia sen necesidade de disquisición xurídica ou de normativa algunha(..)”

“(..) o erro material ou de feito caracterízase por ser "ostensible, manifesto, indiscutible e evidente en por si, sen necesidade de maiores razoamentos, e por exteriorizarse prima facie pola súa soa contemplación(..)”

Os erros contidos na Resolución emitida no ano 2021 contiña, tal e como se pode apreciar nos propios informes do concello, un erro ao identificar ao suxeito tributario cun DNI que non lle correspondía e, a maiores, un erro á hora de identificar a matrícula do vehículo, dado que se sinala como XXX ou XXX en varios parágrafos da propia Resolución. Este último erro non é menor dado que, ao tratarse dun coche matriculado polo sistema alfanumérico provincial vixente entre 1971 e o ano 2000, ambas matrículas corresponderían a vehículos diferentes e de distintas provincias.

Finalmente, non se sinala no informe da administración que se notificara o contido da nova Resolución corrixida ao interesado nin que se informara dos recursos a disposición do mesmo.

CUARTA. O artigo 66 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria sinala que as débedas tributarias prescriben aos catro anos.

Tal e como se indicou, o Decreto de 21 de xuño de 2023 ratifica a liquidación aprobada na Resolución de 23/09/2023, incluíndo a débeda correspondente ao exercicio de 2018.

CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a ese concello a seguinte recomendación:

Notificar ao interesado a nova Resolución incluíndo a corrección de erros aprobada polo Decreto de 21/06/2023 e os recursos a disposición, caso de non terse realizado tal notificación.

E a seguinte suxestión:

Avaliar, dentro da capacidade organizativa, anular a liquidación correspondente ao ano 2018.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo